

Medio Rural contará co apoio económico da Unión Europea a través do instrumento financeiro Life

## **Medio Rural coordina un programa de recuperación da fauna no río Ulla que conta co apoio financeiro da UE**

Esta iniciativa (cun orzamento de 3,6 millóns de euros) busca promover a recuperación das poboacións de mexillón e de toupa de río nesta conca fluvial.

O director xeral de Conservación da Natureza presidiu hoxe en Santiago a primeira reunión do grupo de traballo que desenvolverá o programa, no que participan, tamén, Augas de Galicia e a USC.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2010 ás 12:15

A Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, coordinará o programa de recuperación das poboacións de mexillón de río (*margaritifera margaritifera*) e auganeiro (*galemys pyrenaicus*) na conca do río Ulla, que contará co apoio económico da Unión Europea a través do instrumento financeiro Life. Nesta iniciativa participarán tamén, como socios, Augas de Galicia e a Universidade de Santiago (USC).

O director xeral de Conservación da Natureza, Ricardo García-Borregón, presidiu esta mañá en Santiago a primeira reunión do grupo de traballo que desenvolverá a iniciativa, que se prolongará entre setembro deste ano e agosto de 2015. O orzamento total é de 3,6 millóns de euros, dos que 1,8 serán financiados pola Unión Europea.

### **Obxectivo**

O obxectivo xeral deste plan é a mellora do estado de conservación destas dúas especies, establecendo as condicións axeitadas para a recuperación das poboacións orixinais.

Como obxectivos específicos búscanse, entre outros, mellorar aqueles elementos do hábitat identificados como factores de declive de ambas especies; promover a dinámica natural das poboacións de peixes hóspede do mexillón de río e favorecer a conectividade dos núcleos poboacionais de auganeiro, con medidas para recuperar a hidromorfloxía en áreas do río Ulla afectadas por presas e reducións de caudal e mellorar o estado de conservación do bosque de ribeira nesta conca fluvial. Entre os resultados agardados atópase o coñecemento profundo do estado de conservación de ambas especies, dos seus hábitats e dos principais factores de ameaza.

### **Ferramenta Life**

A ferramenta comunitaria Life apoia medidas que contribúen ao desenvolvemento, aplicación e actualización da política e a lexislación da UE en materia de medio ambiente. Pretende tamén facilitar a integración do medio ambiente nas demais políticas e lograr un desenvolvemento sostible na Unión Europea.

